

**PROGRAMA DE
RECUPERACIÓN
DA MATERIA DE
FÍSICA E QUÍMICA
DE 2º ESO.
CURSO 2023-24**

Outubro de 2023



Departamento de Física e Química

Programa de recuperación de materias pendientes

Física e Química de 2º ESO

NORMATIVA. CRITERIOS DE EVALUACIÓN RECOGIDOS EN LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

3.3.6. Traballos para a superación da Física e Química de 2ºESO do alumnado pendente.

- a) Contidos esixibles e estándares de aprendizaxe son os desenvolvidos o curso pasado na Programación Didáctica do curso 2022/2023. O alumnado pode consultar estes contidos na AULA VIRTUAL e na páxina web do centro.
- b) Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.

O alumnado que ten a materia pendente de cursos anteriores seguirá un programa de reforzo. O profesor encargado, Ugo Costas Costas, facilitaralle aos alumnos actividades representativas e orientativas da materia pendente, periodicamente ao longo de cada avaliación, estas actividades terán que entregarllas no prazo establecido no documento que se entrega e no calendario que consta na aula virtual. Así mesmo, o alumno/a deberá facer entrega das tarefas na aula virtual (arquivo pdf) para que quede constancia oficial da entrega coa data correspondente. No caso de que teñan dificultades ou dubidas estas resolveranse por dito profesor.

Agruparase en dous traballos ao longo do curso divididos en temas, procurando asignarllas bloques completos da materia pendente, ou polo menos de contidos relacionados.

Este traballo consistirá nunha serie de exercicios e problemas sobre os contidos, estándares de aprendizaxe de 2º ESO. Deberán realizar e entregar, nas datas que se indiquen. Despois da última entrega, o profesor disporá dun tempo para revisar e corrixir as actividades, que serán entregadas de volta ao alumno/a para que poida saber os erros cometidos e preparar con garantías a proba escrita na que se propondrá que realicen uns exercicios e problemas semellantes aos do traballo correspondente.

- c) Criterios de cualificación para superar as materias pendentes.

Teranse en conta as actividades relativas os contidos de cada avaliación e a proba escrita. Para aprobar é necesario realizar as actividades e a proba escrita. As actividades suporán un 30% da nota e a proba escrita un 70%.

No caso de non aprobar, deberá realizar unha proba escrita final, a finais de curso.

As datas dos exames serán:

- 1º exame a finais de xaneiro (entre os días 18 e 25 de xaneiro).
- 2º exame no mes de abril (entre o 23 e o 30 de abril).
- Exame final (entre o 12 e o 18 de xuño).

As datas se indicarán coa suficiente antelación e coordinaranse coa xefatura de estudos.

O departamento decidirá colexiadamente sobre a cualificación daqueles alumnos que, seguindo o plan de traballo, non superaran algunha das probas, pero que, a suízo do seu profesor ou profesora, mostraron unha actitude positiva e unha mellora dos seus coñecementos e destrezas.

No caso de ensino non presencial:

As actividades suporán un 50% da nota e a realizarase unha o mais probas a través da aula virtual que suporán un 50 %.



Departamento de Física e Química

Programa de recuperación de materias pendientes

Física e Química de 2º ESO

Plan de pendientes de Física e Química

Alumnado da ESO coa materia de Física e Química de 2º ESO pendente.

1. O profesor encargado, Ugo Costas Costas, entregará ao alumno unha serie de actividades para que o alumno/a vaia facendo e entregando progresivamente. Estas actividades estarán tamén colgadas na aula virtual, xunto con materiais de repaso/reforzo que poderán ser útiles ao alumnado para resolver as citadas actividades.

- 1ª PARTE: o exame será a finais de xaneiro. Para a preparación desta parte, o alumno/a realizará unha serie de actividades de repaso/reforzo entregadas polo profesor. Esas actividades deberán ser entregadas de forma progresiva antes das datas que constan na seguinte táboa:

Tema	Data límite de entrega
Tema 1	13 de Novembro de 2023
Tema 2	27 de Novembro de 2023
Tema 3	11 de Decembro de 2023
Tema 4	21 de Decembro de 2023
Formulación	15 de Xaneiro de 2024

- 2ª PARTE: exame a principios de abril. Para a preparación desta parte, o alumno/a realizará outra serie de actividades de repaso/reforzo entregadas polo profesor. Esas actividades deberán ser entregadas de forma progresiva antes das datas que constan na seguinte táboa

Tema	Data límite de entrega
Tema 5	12 de febreiro de 2024
Tema 6	26 de febreiro de 2024
Tema 7	11 de marzo de 2024
Tema 8	-
Tema 9	2 de abril de 2024
Tema 10	7 de abril de 2024

2. Estes exercicios son de entrega obrigatoria de forma presencial ao profesor que realiza o seguimento. Así mesmo, tamén terá que realizar entrega a través da aula virtual (para que quede constancia oficial da data de entrega)no correspondente espazo.
3. O profesor corruxará os exercicios, colgará a nota para cada alumno/a na aula virtual coa corrección pertinente e entregará a corrección ao alumno/a, para que así poida preparar a proba escrita con garantías de coñecer os erros cometidos.

4. Os alumnos poden pedir axuda para a realización dos exercicios e explicacións sobre as correccións dos mesmos aos profesores do departamento de Física e Química que lles impartan docencia no seu curso ou á xefa de departamento.
5. Na data fixada pola xefatura de estudos (entre o 18 e o 25 de xaneiro), farase a primeira proba, unha proba obxectiva de avaliación ordinaria con exercicios escollidos similares aos que o alumno/a resolveu da 1ª parte.
6. No mes de abril (entre o 23 e 30 de abril) farase unha proba obxectiva da 2ª parte, igualmente con exercicios similares aos que resolveu o alumno/a da 2ª parte..
7. A cualificación da avaliación ordinaria calcularase de modo que o 30 % sexa o valor dos exercicios de repaso e o outro 70 % a nota da proba obxectiva de avaliación.
8. De non acadar unha cualificación de 5 o alumnado deberá realizar unha proba final no mes de xuño (entre o 12 e o 18 de xuño).
9. **No caso de ensino non presencial;** as actividades suporán un 50% da nota e realizarase unha o mais probas a través da aula virtual que suporán un 50%.

IES Álvaro Cunqueiro
6 de Outubro de 2023

Departamento de Física e Química